

1.6.- REGULAMENTO DE VENDA AMBULANTE

APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN O 10 DE OUTUBRO DE 1988.

PUBLICADO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DO 3 DE NOVEMBRO DE 1988.

CAPITULO I

Disposición Xerais

Artigo 1º.-De conformidade co disposto nos artigos 74 e seguintes do Regulamento de bens das Entidades Locais, artigo 208.15 do Texto Refundido de Réxime Local, Ordenanza Fiscal núm. 37 e R.D. 1.010/1985 do 5 de xuño, a ocupación de bens de dominio público con postos adicados a venda ambulante de artigos ou obxectos de interese para a comunidade veciñal está suxeita a previa preceptiva licenzia municipal.

Artigo 2º.-As licenzias municipais deberán ser solicitadas perante o Concello por escrito o que se achegarán a documentación a que se refire o artigo 4º do presente Regulamento ou compromiso de aportala no prazo de dez días soltos desque se lle conceda provisoriamente a licenzia.

A solicitude especificará a clase de licenzia (entre as comprendidas no artigo 6ª), o tipo de artigo, o lugar ou zona onde se vai vender e a clase e tamaño do posto.

Artigo 3º.-Poderán optar á concesión das licenzias que se regulan neste Regulamento tódolos españois e estranxeiros que teñan plena capacidade xurídica e de obrar. Os estranxeiros haberán de acreditar como requisito ineludible, coa solicitude de licenzia, que están en posesión do permiso de traballo por conta propia expedido pola autoridade competente.

Terán prioridade para a obtención das licenzias as persoas que sexan vendedores ambulantes e teñan a súa residencia habitual na cidade de Santiago. Teráse en conta ademais o grao de necesidade que demostre ou acredite.

En situación de igualdade resólvese a adxudicación por sorte.

Artigo 4º.-Coa solicitude de licenzia de venda ambulante os solicitantes deberán presentar:

a.A declaración de alta no epígrafe ou epígrafes de licenzia fiscal correspondente á actividade de que se trate.

b.A documentación que acredite a concorrencia das condicións requiridas pola normativa sectorial específica do produto obxecto de venda, se é o caso.

c.A declaración de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social.

Artigo 5º.-Será preceptivo ao dictame da Comisión de Servicios en canto ó grao de incidencia da ocupación e actividade solicitadas no uso común xeral do dominio público e á existencia de posibles prexucios para os establecementos que se adiquen ó comercio da mesma clase.

CAPITULO II

Clasificación de Licenzias

Artigo 6º.-As licenzias clasificaránse en:

a.Licenzia para a venda de artigos de tempada, distribuídos por toda a cidade e con emprazamento nas zonas ou lugares que se fixen en cada caso (venda de xelados, castañas, etc.).

b.Licenzia para a venda usual na vía pública, por prazo determinado e en puntos ou zonas previamente sinalados (barquiños, lambonadas, cacahuetes, millo torrado, churros, patacas fritidas, etc.).

c.Licenzia temporal para o exercicio de servicios ou actividades (fotógrafos, afiadores, limpeza de calzado, etc.).

d.Licenzia temporal para a venda de obxectos de artesanía e adobio de pequeno tamaño, elaborados total ou parcialmente polos propios solicitantes e que non se despachen usualmente en establecementos fixos, en áreas elixidas para a concentración de vendedores. Non poden incluír roupas nin produtos alimenticios. O módulo de poste é de 2 metros de longo por 1 de ancho e ningún vendedor pode obter licenzia para máis dun módulo non sendo que xustifique a necesidade de dar ocupación ó seu cónxuxe, caso no que se pode conceder excepcionalmente licenzia para dous módulos.

e.Licenzias temporais de venda de produtos de interese para a comunidade veciñal (roupa, zapatos, obxectos de adobio, etc.) non sendo produtos alimenticios, nas zonas previamente sinaladas pola Corporación. As prendas e produtos obxecto de venda deberán ter etiqueta de fabricante e o vendedor poderá mostra-la factura de compra requirimento das Autoridades ou Funcionarios Municipais.

O módulo no posto de venda é de 2 metros de longo por 1 metro de ancho e ningún vendedor poderá obter licenzia para máis de dous módulos, non sendo que xustifique a necesidade de dar ocupación ó seu cónxuxe, caso no que se pode conceder excepcionalmente licenzia para tres módulos, se as disponibilidades de espacio o permiten.

Artigo 7º.-Tódalas licenzias son por prazo determinado e renovables únicamente por decisión municipal e por períodos de tempo iguais e sucesivos. Se o seu titular interrompe a actividade e ocupación para a que está autorizado por un tercio do período da súa vixencia, automáticamente prodúcese a súa caducidade.

Artigo 8º.-As licenzias son intransmisibles e os seus titulares non poden vender máis que os produtos para os que están autorizados. Ninguén poderá ser titular de máis de unha licenzia.

A infracción do disposto neste artigo será sancionada ca perda de licenzia.

Artigo 9º.-O número total de licenzias para cada actividade será fixado pola Corporación en función dos espazos idóneos dispoñibles e das solicitudes

presentadas e consonte os criterios sinalados no artigo 6º. O acordo sobre a ampliación ou redución de zonas e puntos de emprazamento dos postos terá en conta as condicións mencionadas no artigo 5º.

CAPITULO III

Uso de Licencias

Artigo 10º.-Unicamente se outorgarán licencias para a instalación de postos temporais de venda naquelas áreas da cidade determinadas por acordo corporativo, tralo informe técnico e o das Entidades ou Asociacións representativas que sexan consultadas. Os citados informes non teñen carácter vinculante.

Artigo 11º.-A licenza municipal débese espoxer en lugar visible e ter ó dispor dos Funcionarios Municipais competentes, que na súa falta poderá prohibi-lo exercicio da actividade e ocupación.

Artigo 12º.-Os postos de venda serán facilmente desmontables e a actividade e a ocupación soamente poden ter lugar nos días e horas sinalados pola Corporación Municipal na licenza correspondente.

Os postos de venda non se poden situar en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais nin diante dos seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten eses accesos e a circulación peatonal.

Os vendedores ambulantes en mercadiños e mercados ocasionais ou periódicos, deberán observa-las normas de competencia leal e usos mercantís e responder dos produtos que vendan de acordo coas leis e disposición aplicables.

CAPITULO IV

Sancións e Revocación das Licencias

Artigo 13º.-O incumprimento das condicións ou a alteración da orde pública polos titulares das licencias con ocasión do exercicio da súa actividade é sancionable con:

a. Multa de ata 15.000 pesetas.

b. Revocación da licenza e inhabilitación para a obtención dunha nova.

Artigo 14º.-O exercicio de actividades ou a realización de ocupacións reguladas neste regulamente sen a correspondente licenza municipal ou sen se axustar ás súas condicións dará lugar, sen prexuício das sancións citadas no artigo anterior que sexan de aplicación, á retirada dos postos de venda ilegais e dos seus produtos.

Artigo 15º.-As licencias quedarán sen efecto e poderán ser revocadas cando desaparezan as circunstancias subxectivas ou obxectivas que motivaron o seu outorgamento ou sobreveñan outras que, de existiren cando se deron, xustificarian a súa denegación.

CAPITULO V

Disposición Finais

Primeira.-O presente Regulamento rexe na totalidade do termo municipal de Santiago de Compostela sen mingua das normas específicas que se dicten, se é o caso, para a Praza de Abastos e os seus arredores. Nesta área concreta prohibese a venda de roupa, zapatos, obxectos de adorno e calquera outra mercadoría que non teña orixe agrícola ou gandeira.

Tamén está prohibida con carácter xeral a venda de roupa e textiles en carriños de man.

Segunda.-A tarifa da ordeanza fiscal aplicable ás licencias reguladas no presente regulamento cinguese a grava-lo exercicio das actividades autorizadas ó seu abeiro.

ANEXO

Disposicións Adicionais

Primeira.- Inicialmente a zona adicada á actividade expresada no artigo 6º apartado c), para venda de obxectos de artesanía é a comprendida entre o número 29 e o final da Rúa Nova. Os postos coas características citadas naquela disposición estarán a beira da rúa polo lado dos impares cunha separación entre eles de medio metro. A orde de colocación a partir do final da rúa é correlativa e será sinalada de acordo cos criterios indicados no artigo 3º.

O horario para a venda nesta zona será das 11 ás 22 horas tódolos días da semana incluso os días santos.

Segunda.- As zonas adicadas á actividade expresada no artigo 6º apartado e) (mercadiño), son as seguintes:

Zona A.- Rúa de Valle Inclán, por ambos lados, a beira do muro do Convento e horta de San Roque, sen sobrepasar os límites de dito muro, e a beira do muro de La Salle deixando libre a entrada e sen sobrepasar o límite do muro do campo de xogos hasta a esquiña do mesmo. Os postos estarán situados o máis perto posible dos muros e serán fixados e numerados nun plan podendo ser marcados no pavimento. Cada vendedor deberá ocupar exclusivamente o posto que lle corresponda segundo a licenza concedida.

Zona B.- Borde lonxitudinal interior da praza da Rúa de San Roque tal como figura no plano acheado, e igual ca no caso anterior da Zona A.

A orde de colocación é correlativa e será sinalada de acordo cos criterios indicados no artigo 3º.

Os días e horas nos que se poden realizar actividades de venda nestas zonas son tódolos xoves de cada semana, das 9 ás 14 horas.

A montaxe dos postos pódese iniciar desde as 7 da mañá e a súa desmontaxe e recollida de mercadorías debe rematar como moito ás 15 horas.

Terceira.- A concesión e renovación ou prórroga das licencias concédense por períodos de tres meses e os solicitantes deben aboa-lo importe da tarifa por adiantado por cada un deses períodos. O non facelo é causa de revocación.

Cuarta.-Este Regulamento entrará en vigor de acordo con que dispón o artigo 70 da Lei 7/85 do 2 de abril, e logo tódolos vendedores terán un prazo de trinta días para presenta-las solicitudes de licencia ca documentación esixida. Rematado o citado prazo, ninguén poderá exercer-las actividades reguladas no mesmo sen contar coa autorización ou licencia correspondente.

Este Regulamento será exposto ó público para suxerencias e reclamacións polo prazo de trinta días. No caso de non se produciren entenderáse aprobado definitivamente.